

## TITULACIÓN BACHARELATO

*ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

### Artigo 31. Titulación

1. Será necesaria a avaliación positiva en **todas as materias** dos dous cursos de bacharelato para a obtención do título de bacharel.

**Excepcionalmente**, o equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel cando supere **todas as materias agás unha**, sempre que se cumpran **todas as condicións seguintes**:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno **alcanzou as competencias clave e os obxectivos** vinculados a ese título.

b) Que **non se produciu unha inasistencia continuada** e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, **incluídas as da convocatoria extraordinaria**.

d) Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade ou vía pola que se remata **sexa igual ou superior a cinco**. Para os efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.